

**ACTA NUMERO DEZANOVE DAS CELEBRADAS POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN
EXTRAORDINARIA O DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL
OITO :-----**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D^a Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

SECRETARIO :

D^a. M^a del Carmen Merino Moína.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as doce horas e dez minutos do día dezanove de Decembro de dous mil oito.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcadesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesiões os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión Extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.-----

ACTA ANTERIOR :

238 : APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 25 DE NOVIEMBRE DE 2008 : Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade.-----

239 : PROPOSTA ALTERNATIVA Ó PLAN SECTORIAL DE VIVENDA EN SANXENXO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, FORMULADA NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO MESMO : Pola Sra. **Secretaria** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“””””2º) **PROPOSTA ALTERNATIVA Ó PLAN SECTORIAL DE VIVENDA EN SANXENXO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, FORMULADA NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO MESMO :** Pola Sra. **Secretaria** dáse conta do ditame da Comisión de Informe, Estudo ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“””””A proposta alternativa do Concello de Sanxenxo ao Plan Sectorial de Vivenda da Consellería de Vivenda e Solo para este municipio ten como obxectivo:

1.- Defender os criterios do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo:

- Ordeación adecuada
- Crear novos espazos libres de uso público
- Incrementar o patrimonio municipal del solo
- Habilitar novas infraestructuras viarias cos seus correspondentes servizos
- Crear solo industrial
- Obter solo industrial de propiedade municipal sen custo para o Concello de Sanxenxo
- Crear solo destinado a VIVENDA PROTEXIDA que se atope diseminado por todo o municipio e que non supoña custo algún para as administracións públicas
- Cumprir o mandato constitucional sobre o dereito á vivenda
- Fomentar a integración social (traballo, vivenda, etc)

2.- Reiterar certos obxectivos do Plan de Vivenda que o Goberno de Sanxenxo valora positivamente como son:

- Que exista vivenda protexida no municipio de Sanxenxo
- Integrar a sectores máis desfavorecidos
- Dotar de vivenda aos sectores máis desfavorecidos
- O recoñecemento, a través do Plan de Vivenda, de que Sanxenxo é un municipio con expectativas de crecemento importantes que nun futuro inmediato demandará man de obra.
- Que as infraestructuras actuais permiten novos desenvolvementos urbanísticos, incluso non estando previstos no PXOM, como é o ámbito que propón o Plan de Vivenda.
- Que se fomenta o emprego na zona e na comarca

Ademáis, o Goberno de Sanxenxo defende que:

Calquera plan ou actuación que se acometa nestes momentos de dura crisis debe cumprir a finalidade de fomentar o emprego na zona, sobre todo nas empresas do municipio ou de aquelas que veñen traballando en Sanxenxo, co obxectivo de que:

- Non se produzan despidos
- Se incremente a contratación
- Se manteñan os postos de traballo nas empresas auxiliares e nos comercios da comarca
- Axudar a paliar a crisis nas empresas locais para evitar así despidos e situacións marxinais nas nosas familias

De seguido, e con relación ás manifestacións da voceira socialista na Comisión informativa, sinala que este é o momento oportuno de facer propostas alternativas ó “Plan” e non cando se aproben as expropiacións.

Despois de dar lectura a un artigo de prensa, que recolle manifestacións do BNG de Sanxenxo favorables ó “Plan Sectorial” para construción de vivenda protexida en Padriñán, indica o Sr. Rodríguez Lorenzo que non discute a necesidade de vivendas protexidas pero rexeita de plano a proposta da Consellería que deba consultar coa Alcaldía ou coa Corporación e non directamente có grupo do BNG.

D. José Luis Rodríguez Lorenzo fai mención da proposta do seu Grupo de converter en vivendas protexidas, as vivendas libres en construción ou construídas que na situación económica actual non se venden; e ante o rexeitamento da mesma, avoga pola construción de vivenda protexida nas reservas do 20 % dos solos urbanizables previstos no PXOM aprobado pola Corporación municipal de Sanxenxo.

Continúa o **voceiro do Grupo Municipal Mixto** preguntándose sobre as expectativas dos solicitantes de vivendas e a posibilidade de verse defraudados cun Plan que rematará en 2019, e sobre o sistema de actuación mediante a expropiación forzosa; cando o Concello dispón de diversos emprazamentos ó longo do seu ámbito territorial para levar a cabo a construción das mesmas. Manifesta que a actuación da Consellería é puro intervencionismo contrario á autonomía municipal; que o “Plan Sectorial” ten previsto a construción de 405 vivendas protexidas en Padriñán e só 236 prazas de garaxe, así como unha edificabilidade que contradí as determinacións do PXOM. E finalmente pregunta polo destino das bolsas de solo para construción de vivenda pública que o PXOM ten previstas por todo o Concello.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a Dulcinea Aguín Pombo**, inicia a súa intervención manifestando que o seu Grupo está en contra da proposta da Alcaldía e en contra do “Plan Sectorial” de Vivenda.

Non entende que se formule a proposta cando se descoñece si o “Plan” ten futuro, xa que ni tan sequera resultou aprobado inicialmente, e por tanto carece da tramitación do todo o procedemento legalmente establecido; si ben indica que este “Plan” non respecta a autonomía municipal xa que se impón sobre os plans dos Concellos.

A **Sra. Aguín Pombo** expón que a proposta alternativa plantexada pola Alcaldía é expresión do intervencionismo xa que sinala onde deben ir as vivendas protexidas, intentando modificar o PXOM a conveniencia; manifesta que non se construíron vivendas protexidas nos últimos dez anos polo que moitos xóvenes tiveron que establecerse noutros Concellos, di que a proposta é unha declaración de intencións e finalmente lle indica á Alcaldía que deixe de ser comparsa da Consellería de Vivenda.

Inicia a súa intervención o **voceiro do Grupo Municipal do B.N.G., D. Roberto A. Fernández Lores**, coa lectura dun documento integrante da memoria da Empresa pública municipal “INSULA SANXENXO”, referido á deficitaria oferta de vivenda protexida e á necesaria intervención do poder público sobre o mercado para a promoción das mesmas; e sinala que dita Sociedade “INSULA”, que ten por obxecto a creación de vivenda pública, a día de hoxe non realizou ningunha.

O **Sr. Fernández Lores** manifesta que a Consellería de Vivenda presentou á Alcaldía o “Plan Sectorial”, que non é o proxecto sectorial, con anterioridade a este período de alegacións.

A **Sra. Alcaldesa** intervén para expoñer que a Consellería lle mostrou o “Plan Sectorial”, elaborado por unha empresa externa, e que non foi consensuado.

O **voceiro do Grupo Municipal do B.N.G.** sinala que a alternativa da Alcaldía non propón vivenda pública nos núcleos máis importantes do Concello, de maior censo: Portonovo e Sanxenxo. Indica que o PXOM, que non se encontra adaptado á Lei 9/2002 de Ordenación do Territorio, non contemplaba vivenda protexida, e que o Concello utilizou a esixencia da reserva do 20 % para ese tipo de vivenda establecida en dita Lei có fin de obter unha compensación económica en Monte Faro.

Igualmente sinala que o “Plan Sectorial” ten prevista a construción e 405 vivendas no Concello, en dúas fases: a primeira de 2.009 a 2.012, e a segunda que abrangaría ata 2.015, cunha previsión de 250 solicitudes de demandantes de vivendas en Sanxenxo; tamén sinala que a Sociedade “INSULA” ten rexistrados a máis de 600 solicitantes de vivenda pública.

Indica o **Sr. Fernández Lores** que nos contactos coa Consellería de Vivenda, producidos despois de que ésta mostrara á Alcaldesa o “Plan Sectorial”, comunicou á Consellería que a ubicación prevista en Padriñán era boa pero que non se deberían aglutinar as 405 vivendas nun só lugar, senón que deberían espallarse en diversos emprazamentos: non só en Padriñán, senón tamén en Portonovo, Vilalonga ou Noalla. Entende que as vivendas protexidas deben construírse en núcleos constituídos que xa contan con infraestruturas, equipamentos ou transporte, e manifesta o seu rexeitamento á existencia de solos urbanizables no alto de Miraflores, a Granxa ou A Lanzada.

En canto á expropiación dos terreos, manifesta o **Sr. Fernández Lores** que a Lei non contempla outro sistema de actuación urbanística para estes plans, si ben entende que non se aplicará na maior parte dos casos porque chegarase a acordos e permutas cós veciños; e sinala que si o grupo de goberno se opón á expropiación, porque aprobou dous expedientes de expropiación nos solo de Festiñanzo cun prezo/m2 moi inferior ó previsto pola Consellería. Finalmente expón que o BNG está de acordo coa construción de vivenda protexida en Sanxenxo ó igual que noutros núcleos que contan con infraestrutura e servizos.

O voceiro do Grupo Municipal do P.P., D. Angel Casal Moldes, comeza manifestando o seu agradecemento ó Sr. Rodríguez Lorenzo polo apoio mostrado á proposta da Alcaldía, e sinala que coincide en todos os argumentos expostos.

Con relación á intervención da voceira do Grupo Municipal socialista, Sra. Aguín Pombo, di que demostra a falla de entendemento entre os dous partidos gobernantes na Xunta así como falla de coñecemento do asunto.

Ó voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Lores, lle pide que aclare a súa postura ante os veciños.

O Sr. Casal Moldes indica que o Concello aprobou un PXOM que contempla a previsión de 1496 vivendas protexidas, das que 386 xa poden ser construídas nas reservas do 20 % dos solos urbanizables que na actualidade se encontran totalmente desenvolvidos e incluso urbanizados, e que son os que se poñen a disposición da Consellería nunha primeira fase. Expón que o “Plan Xeral” de urbanismo do Concello xa contempla vivanda pública polo que non é preciso un “Plan Sectorial” que a impoña mediante o sistema de expropiación; igualmente sinala que a inversión prevista pola Consellería para a adquisición dos terreos podería derivarse a iniciativas de xeración de emprego. Entende que sería preciso a creación dunha Comisión para negociar coa Consellería e canalizar este proceso có fin de ofertar, en venda ou en aluguer, as vivendas públicas previstas no PXOM.

Tamén argumenta o **Sr. Casal Moldes** que a Xunta de Galicia non debe facer competencia ós promotores, e que é unha realidade a dispoñibilidade dos terreos para a construción no Concello de vivanda pública, terreos que son os que se relacionan na proposta da Alcaldía; continúa dicindo que o “Plan Sectorial” é un plan fracasado que rexeitou o Concello de Pontevedra; que a ubicación das vivendas protexidas espalladas polo territorio é unha forma de acercar ás familias e que a Lei 6/2008, de 19 de xuño, de Medidas Urxentes en materia de Vivenda e Solo, aconsella que este tipo de vivendas deben estar dispersas para evitar guetos.

Igualmente sinala o **Sr. Casal Moldes** que se debe explicar ós veciños a aplicación do sistema de expropiación forzosa, e que cando se di que o Concello expropia no SU nº 9 é nun caso puntual que representa o 0,4 % sobre o total do ámbito que se executa polo sistema de compensación. Finalmente sinala que en Monte Faro actualmente está prevista a reserva do 20 % para vivanda protexida, tanto no SU nº 13 coma no SU nº 14 .

A **Sra. Alcaldesa** lle da a palabra ó Sr. Rodríguez Lorenzo para o turno de réplica.

O voceiro do Grupo Municipal Mixto D. José Luis Rodríguez Lorenzo, reitera a súa preferencia pola conversión, en vivendas protexidas, das vivendas de réxime libre xa construídas polos beneficios que conlevaría fronte ós promotores, fronte ós traballadores evitándose despidos, dotando de liquidez ós bancos etc.; e ó non ser aceptada esta solución, defende a construción da vivenda protexida nas reservas do 20 % das bolsas de solo previstas no planeamento urbanístico do Concello que acadan un total de 1.496 vivendas; e indica que có “Plan Sectorial” a Xunta expropia sen necesidade.

Sinala que son 138 os demandantes de vivenda en Sanxenxo inscritos no rexistro da Consellería, e 373 na Comarca do Salnés. Finalmente di que todos poderían contar con vivendas en Sanxenxo e que este “Plan Sectorial” ten que contar có Presidente da Xunta.

A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a Dulcinea Aguíñ Pombo, reitera a posición do seu Grupo en contra do “Plan Sectorial” e en consecuencia en contra da alternativa proposta pola Alcaldía, e indica que ésta presenta a proposta pola mobilización dos veciños e non por iniciativa propia.

O voceiro do Grupo Municipal do B.N.G., Sr. Fernández Lores, manifesta que non ten que engadir nada novo á súa intervención.

Toma a palabra a **Sra. Alcaldesa, D^a Catalina González Bea**, para sinalar á Sra. Aguíñ Pombo, que a proposta alternativa se presenta no período de alegacións ó “Plan Sectorial” establecido pola Consellería de Vivenda, de acordo có escrito remitido ó Concello con data 27-10-2008 e lle di que, coa súa intervención, mostra descoñecemento do PXOM de Sanxenxo.

Continúa manifestando a **Sra. González Bea** que fronte ós 139 demandantes de vivenda a día de hoxe en Sanxenxo, en Poio hai 589 solicitantes rexistrados; e que o Concello de Sanxenxo dispón de solos dispoñibles para construción de vivenda protexida, nos que se poden executar directamente 338 vivendas, por tratarse de solos completamente desenrolados que contan con tódolos servizos, grazas ó PXOM que elaborou o PP, “Plan Xeral” do que carecen outros Concellos con este tipo de previsións.

Sinala a **Sra. Alcaldesa**, con relación á intervención do Sr. Fernández Lores, que a Consellería realiza un “Plan Sectorial” de vivenda igual para tódolos Concellos, cando Sanxenxo xa dispón de solo para esa finalidade sen custo algún, e que si se tramitou polo Concello algunha expropiación é porque o esixe así a lei para continuar cós trámites correspondentes da Xunta de Compensación, coma no caso do SU nº 9. Lle indica que descoñece a realidade de Sanxenxo, que en Monte Faro non existía a obriga de reservar vivenda pública porque non se acadaba o 0,20 m² edificable/m² de solo. En definitiva, expón que este Concello ten unha situación diferente ó resto pola previsión do “Plan Xeral” do 20 % dos solos para

vivenda pública que en total acadan 1.496 vivendas, todo elo ó marxe da cesión do 10 % do aproveitamento medio.

A **Sra. Alcaldesa** lle agradece ó Sr. Rodríguez Lorenzo a súa boa disposición fronte á proposta plantexada, que beneficiará tanto ós veciños coma ás empresas, e solicita de tódolos grupos o seu voto a favor da proposta.

Concluído o debate, e sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, acorda :

Crear unha comisión Concello - Consellería de Vivenda e Solo que negocie cos propietarios do solo dos ámbitos urbanísticos para que se constrúan as parcelas destinadas a vivendas protexidas e se garantide o acceso dos cidadáns ao financiamento necesario para elo, xa sexa por medio da compra ou do alugamento con opción de compra futura.

Analizar a forma adecuada para que a Consellería de Vivenda e Solo garanta en todo momento a venda ou alugamento das vivendas construídas así como a súa fiscalización.

Do mesmo xeito, a comisión deberá estudar, dado que este sistema non conlevaría investimento algún para a Consellería de Vivenda e Solo, novas alternativas, dentro do seu ámbito de competencia, nas que destinar o orzamento previsto para o Plan Sectorial de Vivenda que permitan consolidar o tecido empresarial e industrial do municipio e, por tanto, contribúan a estimular a xeración de emprego.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE :**

